

Normas de corrección :

Marcar con X os cadros correctos na folla que está ó final dos enunciados. As respostas incorrectas puntúan negativamente a razón de tres por unha, é dicir, cada 3 respostas incorrectas anulan unha correcta. As non contestadas non contan en ningún sentido.

1-A orde de formación dos horizontes dun solo é:

- a) A, B, C.
- b) C, A, B.**
- c) B, C, A.
- d) Todos ao mesmo tempo.

2- Que tipos de rochas poden ser fonte de sedimentos?

- a) Só as rochas ígneas e metamórficas.
- b) Só as rochas metamórficas e sedimentarias.
- c) Só as rochas sedimentarias.
- e) As rochas ígneas, sedimentarias e metamórficas.**

3- A moscovita pertence aos:

- a) Filosilicatos.**
- b) Sulfuros.
- c) Carbonatos.
- d) Tectosilicatos.

4- Cal das seguintes series de minerais presenta orden crecente de dureza?

- a) Calcita-Diamante-Xeso-Fluorita.
- b) Xeso-Calcita-Fluorita-Diamante.**
- c) Xeso-Fluorita-Calcita-Diamante.
- d) Xeso-Fluorita-Diamante-Calcita.

5- Dos seguintes grupos de rochas, di cal deles corresponde exclusivamente a rochas metamórficas:

- a) Xisto-Cuarcita- Mármore-Serpentinita.**
- b) Xisto-Cuarcita-Gabro-Serpentinita.
- c) Arxila-Cuarcita-Mármore-Xisto.
- d) Gneis-Basalto-Mármore-Ecloxita.


6- A textura máis frecuente en rochas volcánicas é:

- a) Graúda.
- b) Vítrea.**
- c) Pegmatítica.
- d) Aplítica.

7- Unha rocha calcaria por metamorfismo orixina:

- a) Xisto.
- b) Gneis.
- c) Mármore.**
- d) Lousa.

Contesta as seguintes cuestións relativas ao corte xeolóxico da figura:



8- Cal é o orden correcto?

- a) Pregamento-Falla-Discordancia D-Erupción volcánica.
- b) Pregamento-Discordancia D-Falla-Erupción volcánica.
- c) Falla-Pregamento-Discordancia D-Erupción volcánica.
- d) Falla-Pregamento-Erupción volcánica D-Discordancia.

9- A falla F é:

- a) De dirección.
- b) Normal.
- c) Inversa.
- d) Transformante.

10- O contacto entre os materiais C e G é unha:

- a) Inconformidade.
- b) Discordancia angular.
- c) Paraconformidade.
- d) Desconformidade.

11- Se na capa I apareceran fósiles de Ammonites, indica cal sería a oroxenia que pregou a serie de materiais:

- a) Alpina.
- b) Varisca.
- c) Caledoniana.
- d) Huroniana.

12- Referente ao Paleozoico, indica a resposta correcta:

- a) Había grandes mamíferos.
- b) Non existía a vida.
- c) Existían extensos bosques de Pteridofitas (fentos).
- d) Dominaban os réptiles.

13- Considérase que os primeiros seres vivos eran:

- a) Procariotas, unicelulares e autótrofos.
- b) Procariotas, unicelulares e heterótrofos.
- c) Eucariotas, unicelulares e autótrofos.
- d) Eucariotas, unicelulares e heterótrofos.

14- Indica en cal dos seguintes lugares será máis común a xelifracción:

- a) Serra do Xurés.
- b) Praia das Catedrais.
- c) Dunas de Corrubedo
- d) Ría de Betanzos.

15- De que lugar de Galicia pode ser representativa esta paisaxe?



- a) O Courel.
- b) O Barco de Valdeorras.
- c) A Terra Cha.
- d) O monte Pindo.

16- Nun río con tres niveis de terrazas, cal delas é a máis antiga?


- a) A máis próxima ao leito.
- b) A máis afastada.
- c) A intermedia.
- d) Son todas da mesma idade.

17- O río Miño desemboca na Guarda formando un:

- a) Delta.
- b) Esteiro.
- c) Tómbolo.
- d) Cordón litoral.

18- O ordenamento dos carbóns de menor a maior madurez ou antigüidade é:

- a) Antracita, Turba, Hulla, Lignito.
- b) Turba, Lignito, Hulla, Antracita.
- c) Lignito, Turba, Hulla, Antracita.
- d) Turba, Lignito, Antracita, Hulla.



19- A seguinte gráfica correspóndese cun planeta imaxinario. A que profundidade aparece unha capa fluída?

- a) A 6000 Km.
- b) A 4000 Km.**
- c) A 2500 Km.
- d) A 1000 Km.

20- Os volcáns hawaianos emiten lavas pobres en sílice polo que:

- a) Son de tipo peleano.
- b) Son moi explosivos.
- c) Forman coadas de lava fluída.**
- d) Expulsan gran cantidade de piroclastos.

21-A descontinuidade de Gutenberg separa:

- a) Litosfera-Mesosfera.
- b) Codia- Manto.
- c) Manto superior- Manto inferior.
- d) Manto-Núcleo.**

22- Nunha dorsal:

- a) Fórmase litosfera oceánica.**
- b) Fórmase litosfera continental.
- c) Destrúese litosfera continental.
- d) Destrúese litosfera oceánica.

23- Islandia sitúase:

- a) Nunha zona de subdución.
- b) Nun cratón.
- c) Nunha dorsal.**
- d) Nunha marxe destrutiva de placa.

24- No marco da Tectónica de Placas: entre o océano Pacífico, o Atlántico e o mar Vermello:

- a) O máis antigo é o Atlántico.
- b) O máis antigo é o Pacífico.**
- c) O máis antigo é o Mar Vermello.
- d) Todos son da mesma idade.

25- Cales dos seguintes procesos poden orixinar tsunamis?

- a) Mareas vivas.
- b) Lahares.
- c) Erupcións volcánicas submariñas.**
- d) Correntes oceánicas.

26- A pesar de estar ambos nun límite activo de placas, Haití ten maior risco sísmico que Xapón porque:

- a) Ten maior perigosidade.
- b) Alí os terremotos son sempre de maior magnitude.
- c) Ten moita maior exposición.
- d) Ten maior vulnerabilidade.

27- De cal dos seguintes materiais non se obtén o biogás? :

- a) Lodos de depuradoras.
- b) Excrementos de gando.
- c) Petróleo.
- d) Residuos sólidos urbanos.

28- Que tipo de proceso gravitacional está representado no debuxo adxunto



- a) Desprendemento.
- b) Fluxo.
- c) Escorregamento ou esvaramento
- d) Reptación.

29- A isostasia repercute nos movementos da litosfera

- a) Na horizontal.
- b) De separación entre placas.
- c) De converxencia de placas.
- d) Na vertical.

30 – A presenza de bandas de rochas coa mesma polaridade magnética a ambos lados da dorsal indica:

- a) Que esas bandas se formaron ó mesmo tempo.
- b) Que o campo magnético terrestre é invariable.
- c) Que a dorsal é unha zona de destrución de litosfera.
- d) Que a dorsal é un bordo pasivo.

31- As ofiolitas son:

- a) Rochas formadas a partir de plumas mantélicas.
- b) Rochas procedentes da erosión dos continentes.
- c) Rochas do fondo oceánico incrustadas na codia continental.
- d) Fragmentos de meteoritos.

32- Cal dos seguintes factores non favorece a formación de magmas?

- a) Aumento de presión.
- b) A presenza de fluídos.
- c) O aumento de temperatura.
- d) Diminución de presión.

33- Cal é a orde correcta de cristalización dos seguintes minerais?

- a) Olivino-Piroxenos- Anfíboles- Biotita.
- b) Seixo-Piroxeno- Olivino- Moscovita.
- c) Olivino-Anfíbol- Biotita- Ortosa.
- d) Seixo-Moscovita-Ortosa-Olivino.

34- Cal das seguintes formas kársticas se orixinan por un proceso de precipitación?

- a) Dolina.
- b) Columna.
- c) Lapiás.
- d) Polje.

35- A potencia dun estrato é :

- a) A presión que exerce sobre os estratos subxacentes.
- b) A distancia mínima entre teito e muro.
- c) A lonxitude do afloramento do estrato.
- d) A resistencia que ofrece á deformación.

36- Que tipo de metamorfismo orixina as aureolas metamórficas?

- a) Metasomatismo.
- b) Metamorfismo dinámico.
- c) Metamorfismo rexional.
- d) Metamorfismo térmico.

37- Un anticlinal:

- a) Ten os materiais máis antigos no núcleo.
- b) É sempre convexo.
- c) Ten os materiais máis modernos no núcleo.
- d) É sempre cóncavo.

38- A codia oceánica en relación á continental:

- a) Ten maior idade e grosor.
- b) Ten unha composición de rochas máis variada.
- c) É máis densa e recente.
- d) Ten menor grosor e máis antigüidade.

39- Os Pirineos constitúen :

- a) Un oróxeno de subdución formado na Oroxenia Alpina.
- b) Un oróxeno de colisión formado na Oroxenia Herciniana.
- c) Un oróxeno de subdución formado na Oroxenia Herciniana.
- d) Un oróxeno de colisión formado na Oroxenia Alpina.

40- Plutón considérase un “planeta anano” e non un planeta:

- a) Porque non posúe satélites.
- b) Por non “ter varrido” a súa órbita.
- c) Pola súa distancia ó Sol.
- d) Porque non reflicte a luz solar.